

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** O outorgamento de autorizacións para a instalación de cincuenta postos de venda durante as festas de San Froilan 2015, que levarán aparellada a autorización para esta instalación nos lugares habilitados para iso polo concello.

b) **Prazo de duración:** Esta feira celebrarase do 3 ao 12 de outubro de 2015 no paseo central da Avenida de Ramón Ferreiro, todo iso segundo o disposto na cláusula primeira das bases técnicas e administrativas.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

**4.- Tipo de licitación:**

a) Prezo público de uso de stand ..... 472,00 euros

b) Taxa por ocupación de vía pública (Ordenanza Fiscal nº 152) 243,79 euros

5.- **Garantías:** Establécese unha fianza de 100 euros.

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Sección de Cultura e Turismo.

b) **Domicilio:** Praza Maior, nº 1, pranta baixa.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27001

d) **Teléfonos:** (982) 29-72-17, 29-72-16.

e) **Telefax:** (982) 29-71-06.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nas bases técnicas e administrativas

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **TRINTA DÍAS HÁBILES** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula sexta das bases técnicas e administrativas

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro, ou ben por correo postal.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Praza Maior nº 1

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** O primeiro día hábil posterior ao remate do prazo de presentación de proposicións, agás nos casos de documentación presentada por correo postal que non se recepcione en prazo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen nas bases técnicas e administrativas.

Lugo, 17 de agosto de 2015.- A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA ( Decreto nº 15005366), Ana Prieto Nieto

R. 3263

---

**Anuncio**

Por Decreto da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do día 19 de agosto de 2015, aprobose, entre outros, o procedemento de licitación para a CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE STANDS PARA O RECINTO FEIRAL (LOTE 1) E PARA A II FEIRA DE ARTESANÍA E GASTRONOMÍA DE

SAN FROILÁN 2015 (LOTE 2). EXPDTE: 31-2015, por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** o aluguer, montaxe e desmontaxe de 55 stands que alberguen as mesas de venda durante o San Froilán 2015 nas rúas Avda Rodríguez Mourelo e na Praza Maior (LOTE 1) e por outro lado o aluguer, montaxe e desmontaxe de 50 stands para a II Feira de artesanía e gastronomía na Avda. Ramón Ferreiro durante as Festas de San Froilán 2015.

b) **Prazo de execución:**

**Lote 1.-** Os stands estarán instalados dende o día 3 ata o 13 de outubro de 2015, ámbolos dous incluídos. O inicio da montaxe será a partir do día 23 de setembro e a desmontaxe deberá realizarse entre os días 13 ó 17 de outubro de 2015.

**Lote 2.-** Os stands estarán instalados dende o día 3 ó 12 de outubro de 2015, ámbolos dous incluídos. O inicio da montaxe será a partir da formalización do contrato previa consulta ó servizo de cultura debendo estar completamente instaladas antes do día 1 de outubro. A desmontaxe deberá realizarse entre os días 13 ó 16 de outubro de 2015.

Os contratos poderán prorrogarse por acordo previo adoptado polo órgano de contratación cunha antelación mínima de dous meses ás Festas de San Froilán do 2016 e nas datas concretas que se indiquen polo responsable do contrato.

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimento:** aberto

**4.- Tipo de licitación.**

O valor estimado do contrato a 94.793,38 euros.

**Lote 1.-** O prezo para a primeira anualidade do contrato ascende a 33.750 euros, IVE incluído, desglosado sería:

Praza Maior (13 stands): 9.465 euros

Avda. Rodríguez Mourelo (42 stands): 24.285 euros.

**Lote 2.-** O prezo para a primeira anualidade do contrato ascende a 23.600 euros, IVE incluído.

**5.- Garantías:**

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**6.- Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-27, 29-71-45

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** [www.lugo.es](http://www.lugo.es) ( Zona de servizos: pertil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**c) Lugar de presentación:**

**1ª Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos

**2ª Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

**3ª Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

**9.- Apertura das ofertas.**

**a) Entidade:** Centro de Servicios Municipales

**b) Domicilio:** Ronda Muralla 197- 3ª planta

**c) Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**11.- Gastos dos anuncios:** 185,64 euros que serán por conta do contratista adxudicatario.

Lugo, 18 de agosto de 2015.- A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 3264

---

**NAVIA DE SUARNA***Anuncio*

Polo Señor Alcalde deste Concello de Navia de Suarna, en data 12 de agosto de 2015, foi dictado o seguinte decreto que literalmente copiado di:

“Examinado o **Padrón do Servizo de Recollida de Lixo**, deste Concello de Navia de Suarna, correspondente ao **1º Trimestre de 2015**, por un importe total de **10.032,00 €**.

Esta Alcaldía encontrándoo conforme, acorda:

**Primeiro:** Aprobar, o **Padrón do Servizo de Recollida de Lixo**, deste Concello de Navia de Suarna, correspondente ao **1º Trimestre de 2015**, por un importe total de **10.032,00 €**.

**Segundo:** Que do presente Decreto se dé conta á Xunta de Goberno Local, na próxima sesión que celebre, para a súa ratificación.

Decretouno, manda e asina o señor don José Fernández Fernández, Alcalde deste Concello, en Navia de Suarna a 12 de agosto de 2015.”

Expóñense ao publico polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recursos: Contra o acordo de aprobación do Padrón de recollida de Lixo, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xuridisción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación.

A presente publicación, non dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Navia de Suarna a 12 de agosto de 2015.- O Alcalde , José Fernández Fernández.

R. 3234

---